

PE CA DOS

Ciclo de
Músicas
Prohibidas

**PAZO DA CULTURA. PONTEVEDRA 08
OUTUBRO-DECEMBRO**

**4, 5, 11 e 12
OUTUBRO**

**MÚSICA EN ACCIÓN.
TROCO DE CD'S**

PRAZA DA PEREGRINA / PRAZA DA VERDURA

**1 e 2
OUTUBRO**

DÚO DITHYRAMBE

CASA DAS CAMPÁS / PRAZA DA PEREGRINA /
PRAZA DA FERRERÍA / PRAZA DA VERDURA

**12
OUTUBRO**

TOUMANI DIABATE

PAZO DA CULTURA. 21:00 H.

**21
NOVEMBRO**

STEREOLAB

PAZO DA CULTURA. 21:00 H.


**9
DECEMBRO**

THE RESIDENTS

PAZO DA CULTURA. 21:00 H.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CULTURA



Pazo da Cultura de
PONTEVEDRA



pontevedra
cultura

www.pontevedracultura.org

PE CA DOS

Ciclo de
Músicas
Prohibidas

PREZO DAS ENTRADAS:

Por concerto: 12 Euros (anticipada) e 15 Euros (taquilla)
Bono de 3 concertos: 30 Euros



PAZO DA CULTURA. PONTEVEDRA 08 OUTUBRO-DECEMBRO

4,5,11 e 12
OUTUBRO

MÚSICA EN ACCIÓN. TROCO DE CD'S

Colle un CD orixinal da túa colección, o que queiras, un do que te poidas desfacer, por bo, por malo ou porque si. Vai á Praza da Peregrina ou á da Verdura o día acordado, procura o posto de Pecados e entrégao. A cambio, has recibir outro. Non un calquera senón todo o contrario: un disco único, o mesmo para todos. Queres saber cal? Vén e búscanos. E se decides non vir, faite un favor: non preguntes o que perdeches porque ha ser moi difícil que o atopes na túa tenda habitual. Imos fabricar un hit.

Datas/horas	Día 4 out.	Día 5 out.	Día 11 out.	Día 12 out.
Praza da Peregrina	De 12 a 15 h.		De 12 a 15 h.	
Praza da Verdura		De 12 a 15 h.		De 12 a 15 h.

1 e 2
OUTUBRO

DÚO DITHYRAMBE

Coma anxos caídos, logo de 257 anos e tres meses conxeladas nalgún recanto perdido nos Alpes, Madame Bérénice de la Trouffinière e Madame Culnégonde de la Garde Montée acordan de súpeto no cambio de milenio arrodeadas de sonoridades populares contemporáneas, do punk ao disco ou o hard rock. Fascinadas, estas discípulas de Bach adaptan todo o que lles gorenta ao seu rexistro lírico do século XVIII e empezan a percorrer rúas, prazas, teatros e cafés do mundo enteiro co seu ukelele apropiándose dos Clash, de Abba ou dos ACDC. Se os Sex Pistols fixeran ópera, soarían coma elas.

Datas/horas	Día 1 out.	Día 2 out.
Casa das Campás	12:00 h.	
Praza da Peregrina		12:00 h.
Praza da Ferrería	19:00 h.	19:00 h.
Praza da Verdura	21:00 h.	21:00 h.



12
OUTUBRO

TOUMANI DIABATE

PAZO DA CULTURA 21:00 H.

A kora, unha variante da arpa procedente da África Occidental, ten vinte e unha cordas. Poden parecer moitas, pero a Toumani Diabaté sóbralle dentes para tocala. Nacido nos anos sesenta en Bamako (Mali), fillo do músico Sidiki Diabaté e descendente dunha longa liñaxe de intérpretes, máis de setenta antes ca el, é hoxe un dos maiores virtuosos da kora. Rebelde e heterodoxo, é porén o mellor embaixador da tradición musical do seu país. Coma os griots das tribos africanas, antigos contadores de historias que tecían a comunidade coa palabra, Toumani armou na Symmetric Orchestra unha ferramenta para furar fronteiras. Co seu último disco, *The Mande Variations*, estrea nova formación.



21
NOVEMBRO

STEREOLAB

PAZO DA CULTURA 21:00 H.

Entre a ourivaría pop e a experimentación, a medio camiño entre o savoir faire e a pescuda de novos riscos, a banda británica Stereolab leva máis de quince anos incomodamente instalada na vangarda, a arrandear con lucidez entre o krautrock, a bossa e o lounge. O recente *Chemical Chords* (2008), primeiro álbum en catro anos e undécimo na súa prolífica carreira, colócaos de novo no lugar que acadaran con títulos tan emblemáticos da música popular contemporánea como o *Emperor Tomato Ketchup* que publicaran en 1996. Un tratado sobre o ritmo con final feliz. Un retorno agardado.



9
DECEMBRO

THE RESIDENTS

PAZO DA CULTURA 21:00 H.

Están aquí porque nunca se foran. Son aínda un colectivo de músicos e videocreadores anónimos porque o seu programa ideolóxico non mudou unha coma dende *The Third Reich 'n' Roll* (1976). Talvez por iso, The Residents seguen a cuestionar o pop como artefacto do mercado cultural contemporáneo. Agora atacan de novo con *The Bunny Boy*, un álbum, un personaxe, unha serie saída da internet, unha coartada conceptual e unha posta en escena que nin é música ao vivo nin é teatro nin é videoarte. Sesenta discos máis tarde, The Residents seguen aí. Esta é a súa primeira xira mundial en anos.

